

PROCEDIMENTO DE PREINSCRICIÓN, ASIGNACIÓN E MATRÍCULA DAS MATERIAS OPTATIVAS DO GRAO EN DEREITO PARA O CURSO ACADÉMICO 2021/2022

Por motivos de organización académica, na Xunta de Facultade do 25/02/2021, acordouse limitar o número de prazas das materias optativas tal como figura no Anexo I, polo que o estudiantado que desexe cursar algunha destas materias no próximo curso 2021/2022, deberá facer antes da matrícula unha preinscrición para obter praza.

1. PRAZO DE PREINSCRICIÓN do 16 ao 21 de xullo de 2021

2. **SOLICITUDE** a través da [Secretaría Virtual](#) (*Preinscrición Optativas*) na que se indicará:

- 1º Número de créditos optativos que se desexan matricular (máximo 36).
- 2º Número de preferencia de cada unha das materias optativas, independentemente do número que se desexe matricular (por se non se obtén praza nas preferidas).

As persoas procedentes doutros centros/universidades que teñan previsto trasladarse no curso 2021/2022 á Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, utilizarán o formulario do Anexo II para facer a preinscrición.

3. CRITERIOS DE ASIGNACIÓN DAS PRAZAS

As prazas das materias optativas asignaranse aplicando os seguintes criterios e orde de prelación:

- 1º Ter superados todos os créditos necesarios para a obtención do título (para o alumnado que non puidese optar anteriormente á Mención da súa preferencia tal como se recolle no apartado 3 do Anexo I)
- 2º Número de créditos superados na data 2 de xullo de 2021.
- 3º Nota media en base 10 calculada na data 2 de xullo de 2021.
- 4º Número de matrículas de honra, sobresaíntes, notables e aprobados.

4. ASIGNACIÓN DAS MATERIAS OPTATIVAS

O procedemento resolverase do 26 ao 30 de xullo e poderanse coñecer as materias optativas asignadas na Secretaría virtual ou no taboleiro de anuncios da secretaría de alumnado, onde se publicará a listaxe do resultado do proceso.

5. MATRÍCULA

As materias optativas nas que se obteña praza e se desexen cursar, deberanse incluír na matrícula do curso 2021/2022, no prazo establecido na *Convocatoria de admisión e matrícula nas ensinanzas de grao para o curso académico 2021/2022*, do 30 de agosto ao 15 de setembro de 2021.

6. PRAZAS VACANTES

Unha vez finalizado o prazo de matrícula, publicaranse na web e no taboleiro de anuncios da secretaría de alumnado do centro as materias optativas con prazas vacantes e abrirase outro prazo de preinscrición antes dos períodos que establece a *Convocatoria de admisión e matrícula nas ensinanzas de grao para o curso académico 2021/2022*, para modificación da matrícula:

- Praza de preinscrición para materias optativas con prazas vacantes: do 22 ao 23 de setembro de 2021, que se resolverá do 24 ao 27 de setembro para, de ser o caso, modificar a matrícula no período que establece a Convocatoria de Matrícula para materias do 1º e 2º cuadrimestre: do 28 ao 30 de setembro de 2021.
- Praza de preinscrición para materias optativas do 2º cuadrimestre con prazas vacantes: do 19 ao 20 de xaneiro de 2022, que se resolverá do 26 ao 31 de xaneiro para, de ser o caso, modificar a matrícula no período que establece a Convocatoria de Matrícula para materias do 2º cuadrimestre: do 2 ao 5 de febreiro de 2022.

7. Queda excluído deste procedemento o estudiantado que, ao abeiro dun programa de mobilidade (ERASMUS, SICUE, etc.) no curso 2021/2022, vaia a realizar os estudos noutra universidade, en relación as materias optativas incluídas no contrato de estudos, que deberá matricular no prazo do 30 de agosto ao 15 de setembro.

ANEXO I

1.- Materias optativas do Grao en Dereito da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo:

Código	Materia	Mención	Créd.	Curso	Cuadri.	Prazas
G081931	Dereito concursal	Dereito privado de empresa	6	4º	1 SG	30
G081932	Propiedade industrial e competencia	Dereito privado de empresa	6	4º	1 SG	30
G081933	Métodos alternativos de resolución de conflitos no ámbito empresarial	Dereito privado de empresa	6	4º	1 SG	30
G081934	Responsabilidade civil da actividade empresarial e profesional	Dereito privado de empresa	6	4º	2 SG	30
G081935	Dereito marítimo	Dereito privado de empresa	6	4º	2 SG	30
G081936	Dereito do comercio internacional	Dereito privado de empresa	6	4º	2 SG	30
G081937	Tutela procesual do crédito	Dereito privado de empresa	6	4º	2 SG	30
G081981	Prácticas externas	Dereito privado de empresa Dereito público de empresa	6	4º	2 SG	25
G081941	Dereito penal de empresa	Dereito público de empresa	6	4º	1 SG	30
G081942	Dereito da seguridade social	Dereito público de empresa	6	4º	1 SG	30
G081943	Responsabilidade penal e administrativa no ámbito financeiro-tributario	Dereito público de empresa	6	4º	1 SG	30
G081944	Réxime fiscal da empresa	Dereito público de empresa	6	4º	2 SG	30
G081945	Dereito administrativo económico	Dereito público de empresa	6	4º	2 SG	30
G081946	Constitución económica	Dereito público de empresa	6	4º	2 SG	30
G081947	Réxime xurídico da responsabilidade patrimonial da administración (contractual e extracontractual)	Dereito público de empresa	6	4º	2 SG	30

2.- Aclaración sobre as materias “optativas-obrigatorias” de 3º curso

O Grao en Dereito se imparte en dous centros da Universidade de Vigo pero ten itinerarios diferenciados a partir da segunda metade do plan de estudos e así as materias de 3º curso “*Fundamentos de administración de empresas*” e “*Macroeconomía*” son obrigatorias no itinerario do Grao en Dereito que se imparte na Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, polo que non teñen limitado o nº de prazas e se matriculan directamente nos prazos de matrícula.

3.- Información sobre a estrutura do plan de estudos e as Mencións do Grao en Dereito:

Para cumprir as condicións de terminación do título de *Graduado/a en Dereito pola Universidade de Vigo*, respecto aos contidos optativos (36 ECTS) pódense escoller 6 materias optativas de diferentes mencións, pero a estrutura do plan de estudos permite ao estudantado deseñar o seu itinerario a través das materias optativas para especializarse e obter o título con Mención superando como mínimo 5 materias optativas dunha mesma Mención:

- *Graduado/a en Dereito con Mención en Dereito Público de Empresa*
- *Graduado/a en Dereito con Mención en Dereito Privado de Empresa*

O centro garantirá a matrícula no curso académico de todos os créditos optativos necesarios para acadar o título, pero non pode garantir que se poida obter con Mención, neste caso o alumnado que xa superase a totalidade dos créditos da titulación, poderá facer a preinscrición no seguinte curso académico para matricularse das materias optativas necesarias para obter o título con Mención, tendo preferencia no procedemento de asignación de materias optativas.

ANEXO II

SOLICITUDE DE PREINSCRICIÓN PARA MATERIAS OPTATIVAS DO GRAO EN DEREITO

Apelidos:		Nome:
DNI/NIE/Pasaporte:		Móbil:
Correo electrónico:		
<p>Por estar interesado/a en matricularme no curso académico 2021/2022 do seguinte número de créditos de materias optativas <input type="text"/> (indicar o número, entre 6 e 36)</p> <p>Solicito a seguinte preferencia nas optativas (Poñer a orde de preferencia de todas as materias optativas por se non obtén praza nas preferidas):</p>		
Preferencia	Código da materia	Nome da materia
1º		
2º		
3º		
4º		
5º		
6º		
7º		
8º		
9º		
10º		
11º		
12º		
13º		
14º		
15º		

....., de de 2021
(Data e sinatura)

SR. DECANO DA FACULTADE DE CIENCIAS XURÍDICAS E DO TRABALLO

Presentación da solicitude: na sede electrónica (<https://sede.uvigo.gal/>) ou presencialmente na Secretaría de Alumnado da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo